

30 de abril de 2013. En relación á recente sentenza da Audiencia Provincial de Lugo **absolve ndo de delicto contra o medio ambiente**
aos responsábeis e director facultativo da canteira "Angelita" de Muras que dende 2003 ao 2006
forneceu de pedra á Cidade da Cultura
, dende ADEGA anunciamos que será recorrida. O fallo, a pesares de
recoñecer que se tratou dunha actividade ilegal
por carecer de licenzas, incumprir a declaración de impacto e invadir un espazo da Rede Natura 2000, non recoñece a presenza de hábitats prioritarios minimizando o dano ecolóxico, a teor dun informe do
"Instituto de Investigaciones Tecnológicas"
da USC asinado polo Prof. Felipe Macías (o mesmo que avalou os eólicos no Xistral). Dito informe é manifestamente falso e lixa o prestixio dunha institución, a USC, que debera realizar con urxencia unha auditoría científica e económica do dito IIT. A USC non pode prestarse a fabricar mentiras para defender un negocio privado!

Consideracións de ADEGA á sentenza de 9 de abril de 2013 da sala 2ª da Audiencia Provincial de Lugo en relación á canteira ilegal "Angelita" en Muras:

1. A pesares do fallo absolutorio da sentenza, consideramos **moi positivo o traballo do Ministerio Fiscal** e do Xulgado de Instrucción nº 2 de Vilalba en todo o relativo ás dilixencias previas que levaron á imputación dos responsábeis e director facultativo da mina Angelita: Através da actuación xudicial puido comprobarse que se trataba dunha
actividade ilegal
(por canto carecía de autorización urbanística e de licenza municipal) e que nen sequera respectou o contido da declaración de impacto ambiental.

2. A sentenza declara **probada** esta falta de autorización, o incumprimento da declaración de impacto ambiental e máis a invasión dun espazo da Rede Natura por parte da actividade extractiva. A este respeito, temos que engadir que o fallo pon
tamén
de manifesto a falta de dilixencia (ou pode que conivencia) da Xunta, non só por
consentir o exercicio dunha actividade ilegal
, senón por contratar uns servizos de subministro de pedra procedente dunha actividade ilegal.

3. Discrepamos profundamente co contido da sentenza, pois, aínda recoñecendo que se xulgaba sobre conceptos de hábitats e especies protexidos e prioritarios non sempre doados de explicar ou de entender por parte de letrados e xuíces, os maxistrados deberían saber que non poden ter o mesmo valor os informes periciais aportados polo Seprona e o Ibader a solicitude do Ministerio Fiscal e o Xulgado que os informes de parte que, como é natural, tratan de rebater os argumentos da acusación.

A este respeito, hai dous estremos que a sentenza pon en dúbida: Un refírese á **presenza de hábitats prioritarios**
e o outro á posibilidade de recuperación destes hábitats no caso de habelos. Tanto nun aspecto como noutro, botamos de menos que os maxistrados non teñan a preparación necesaria para non deixarse atrapallar polas mentiras da defensa, por moito que sexa o prestixo dos asinantes do informe.

De contar con esta mínima preparación, e en relación á existencia de hábitats prioritarios, o xuíz podería ter comprobado por si mesmo que os informes periciais do Seprona e do Ibader solicitados polo Ministerio Fiscal e o propio xulgado non fan máis que trasladar a información que figura nas fichas e na cartografía oficial do Ministerio e da Consellería de Medio Ambiente. Portanto,
sobre a presenza destes hábitats,
non debería haber dúbida algunha
. E en relación á recuperabilidade do hábitat prioritario afectado,
o xuíz
debería saber que recuperalo é algo moito máis complexo que facelo cunhas plantas de xardín nunha maceta e que
,
se un hábitat ten a cualificación de prioritario na Directiva 92/43 é, entre outras cousas, polo difícil que resulta a súa recuperación.

Na sentenza hai, en resume, unha **máis que inadecuada valoración das probas periciais** e de parte, que nos anima a recurrila sen máis ánimo que o de sentar adecuada xurisprudencia en materia de delictos contra o medio ambiente e o patrimonio natural.

4. En relación ao Informe presentado polo "**Instituto de Investigaciones Tecnológicas"** da Universidade de Santiago, dirixido por D. Felipe Macías, temos que denunciar que (aparte que fora tomado en consideración malia á súa extemporaneidade) non é admisíbel que alguén, por moi amplo que sexa o seu currículum, poida utilizar o prestixio da institución universitaria para, sen reparo e escrúpulos de ningún tipo, dar credibilidade a unha auténtica mentira negando a

presenza de hábitats prioritarios na parte da Rede Natura invadida pola explotación e soster irresponsabelmente que tal hábitat sería en todo caso de doada recuperación.

Dende ADEGA entendemos que unha institución coma a USC, dende o seu compromiso coa formación e investigación científicas, non pode prestarse a **fabricar mentiras** coas que defender un negocio privado. Dende ADEGA recomendamos á USC que realice con urxencia unha auditoría científica e económica dun Instituto que, reiteradamente, dende xa a implantación dos primeiros parques eólicos sobre as turbeiras do Xistral, demostrou non ter reparos en fabricar falsidades a favor dos intereses do negocio privado (eléctricas, eólicas, canteiras...).